

BANDO

BENESTAR EN BALNEARIOS 2022

Informase ás veciñas e veciños que a **Consellería de Política Social e Xuventude** ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa “Benestar en Balnearios” 2022.

Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou pensionista maior de 55 anos
- Residir e ter empadramento na CA de Galicia
- Valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais

A persoa solicitante poderá ir acompañada da súa ou do seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente
Tamén poderán participar un fillo ou filla que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que non precisen de apoio de terceira persoa e se despracen con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos citados anteriormente (agás o de idade)

Datas:

Quendas de 10 días (9 noites) entre o 1 de novembro e o 17 de decembro de 2022

Servizos incluídos:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres de uso compartido.
- Tratamento termal básico que, en todo caso, prescriba o persoal médico do balneario.
- Programa de actividades de animación sociocultural que se leve a cabo no establecemento hoteleiro ou termal.
- Póliza colectiva de seguro turístico

Documentación:

- Solicitude, na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto da persoa solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI da persoa solicitante e da/o cónxuxe ou acompañante se procede
- Copia do libro de familia no caso de que a persoa solicitante queira acudir ao programa acompañada dun/dunha fillo/a e- Certificado do grao de discapacidade do/da mesmo/a.
- Certificado de pensións.

Prazo de Solicitude:

ata o 24 de outubro

Para máis Información e presentación de solicitudes poden solicitar cita no **Servizo Social Comunitario** deste Concello TELF. 986564409 ou 986557125, email: ssociais@pontecesures.org). Ou solicitude online na sede electrónica da Xunta de Galicia www.sede.xunta.gal

Liña de atención directa a maiores Canle+65: 900 333 666

Pontecesures, 11 de outubro de 2022
O ALCALDE, Juan Manuel Vidal Seage

